




LEENDA

- Elementos patrimoniais a recuperar
- Levada de Portamuiño_O Quinteiro_A Ponte
- Presa de Captación de Auga
- Sendeiro
- Ponte Colgante

- CP01 Cuberto do Adro da igrexa
- CP02 Viacrucis da Corval
- CP03 Repoñer Cruceiro
- CP04 Levada de auga



ESTADO ACTUAL.

Do listado de patrimonio da parroquia, o estado de conservación dos distintos elementos é desigual, así como a propiedade (ás veces privada) dos elementos a conservar. Uns precisan reformas máis profundas que outros, polo que é preciso ir recuperando cada elemento a distinto nivel, dependendo do estado de cada obxecto ou edificio.

PROPOSTA.

É preciso realizar unha relación de prioridades, valoranda, para ir acometendo as obras de conservación co ritmo que permita a capacidade investigadora en cada momento, xa sexa directamente municipal ou a través de acordos con distintas entidades sociais.

No caso de Bora, existe un sistema de rego tradicional que se pretende recuperar en todo o seu trazado, non só co obxecto de poñer en valor o patrimonio natural e cultural, senón tamén para manter o seu uso tradicional como sistema de rego que fomenta o consumo responsable da auga mediante reparto das horas de uso entre os regantes. Esta actuación por un lado consistiría en limpar e consolidar as estruturas da presa e da canle, e polo outro facer unha labor de documentación do número de regantes e definición de parcelario e un estudo sobre os métodos de xestión tradicional da auga. tamén se habilitaría unha senda peonil ao seu carón para poner en valor este elemento patrimonial.